

AS PROBAS DE SELECCIÓN

O seu obxectivo é atopar a persoa axeitada para un posto de traballo, dentro duns límites de fiabilidade. A súa aplicación é recomendable sempre e cando se acompañe doutras estratexias de selección, xa que por si soas as probas poden proporcionar información errónea do candidato/a. Estas probas poden ser moi variadas xa que o seu deseño e aplicación relacionaranse cos requisitos de dito posto. Os tipos de probas son normalmente os seguintes:

- ❖ **Probas profesionais:** avalían coñecementos propios da profesión a través de exercicios de simulación, exames profesionais.
- ❖ **Probas psicotécnicas:** avalían o potencial da persoa, isto é, as súas capacidades, trazos de personalidade (probas de personalidade), intereses, valores. Son propiamente os tests.
- ❖ **Dinámicas de grupos:** avalían o comportamento dun candidato/a dentro dun grupo.

Respecto as probas de personalidade: a súa importancia deriva de que no mundo laboral danse uns tipos determinados de personalidade que encaixan mellor que outros en relación a uns postos de traballo concretos. A problemática nestas probas estriba en como as afrontamos, isto é:

- ❖ **Con finximento:** finxindo as respostas tal e como se cre que é a personalidade valorada.
- ❖ **Co desexo de quedar ben,** de contestar aquilo que cremos que gustará ós seleccionadores/as.
- ❖ **Con actitude defensiva** (predominio das respostas neutras), evasiva (contestando ó azar) ou agresiva (decantarse por puntuacións extremas).

De reaccionar conforme ós estilos precedentes pódenos suceder que quedemos mal parados debido ás escalas de sinceridade que incorporan (para descubri-las respostas finxidas) e ás escalas de colaboración (se a persoa mantivo unha actitude construtiva fronte ó cuestionario).

Recomendacións ante as probas de personalidade:

- Contestar sinceramente
- Non pensar demasiado as respostas
- Procurar definirse, evitar termos medios
- Procurar non deixar cuestións sen contestar
- Mostrarse tal e como se é

Recomendacións ante as probas profesionais:

- Asegúrate de que tes claro o que che están pedindo
- Non teñas reparo en preguntar se tes dúbidas
- Organízate antes de contestar

Recomendacións ante as probas psicotécnicas en xeral:

- Acode descansado / a
- Asegúrate de que entendiches ben as indicacións
- Contesta con rapidez pero sen precipitarte